

dente ao prexudicado, e os números de sinistro e póliza de seguro que consten no rexistro de sinistros da entidade aseguradora; a consulta poderá ser contestada por calquera medio que permita acreditar o envío e a recepción da contestación, de acordo co que dispoña a resolución que para o efecto dite a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

3. Para os efectos do disposto no punto 2 do artigo 25 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, considérase que existe interese lexítimo do prexudicado en obter información sobre a identidade do propietario, condutor ou titular do vehículo no suposto de que, para o total resarcimento dos danos, só se poida reclamar contra esas persoas.

Artigo 28. *Control da obriga de se asegurar.*

O control da obriga de se asegurar realizarase mediante a colaboración entre o Ministerio de Economía e Facenda, a través do Consorcio de Compensación de Seguros, e o Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral de Tráfico, que poderán ceder, entre si, os datos que figuren nos seus ficheiros automatizados que expresamente prevexan esta cesión.

O procedemento de cesión de datos regularase mediante resolución conxunta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e da Dirección Xeral de Tráfico.

O órgano responsable do ficheiro adoptará as medidas técnicas e organizativas que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade, seguranza e integridade dos datos e para facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional primeira. *Publicación da relación de centros sanitarios e entidades aseguradoras que subscriban convenios para a asistencia a lesionados de tráfico.*

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións publicará, no Boletín Oficial del Estado, a relación dos centros sanitarios e servizos de emerxencias médicas e das entidades aseguradoras que subscriban convenios para a asistencia a lesionados de tráfico.

Disposición adicional segunda. *Seguro especial para probas deportivas.*

Para os riscos derivados das probas deportivas nas cales interveñan vehículos de motor, celebrados en circuítos especialmente destinados para o efecto ou habilitados para as devanditas probas, deberase subscribir un seguro especial destinado a cubrir a responsabilidade civil dos condutores intervinientes, polos importes das coberturas obrigatorias establecidas no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

ANEXO

Ficheiro informativo de vehículos asegurados (FIVA)

1. Finalidade e usos previstos do ficheiro:

- a) Subministración de información aos implicados nun accidente de circulación.
- b) Control da obriga de aseguramento.

2. Persoas ou colectivos de orixe dos datos: tomadores de contratos de seguro.

3. Procedencia e procedemento de recollida: recollida mediante unha primeira remisión de datos polas

entidades aseguradoras e posterior actualización diaria destes.

4. Estructura básica do ficheiro: entidade aseguradora, data de envío dos datos, matrícula, código identificativo da marca e modelo do vehículo, data de inicio da vixencia do contrato, data de finalización do período de cobertura, data de cesamento de vixencia, tipo de contrato, nome e enderezo do representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado pola entidade aseguradora en cada un dos Estados do Espazo Económico Europeo. Trátase dun ficheiro automatizado.

5. Cesión dos datos:

- a) A implicados en accidentes de circulación e, na súa representación, ás súas entidades aseguradoras.
- b) Ao Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral de Tráfico.
- c) Ao Ministerio Fiscal, aos xuíces e tribunais.
- d) A Ofesauto.
- e) Aos organismos de indemnización doutros Estados do Espazo Económico Europeo.
- f) Aos organismos de información doutros Estados do Espazo Económico Europeo.
- g) Aos fondos de garantía doutros Estados do Espazo Económico Europeo.
- h) Aos centros sanitarios e servizos de emerxencias médicas que subscriban convenios co Consorcio de Compensación de Seguros e ás entidades aseguradoras para a asistencia a lesionados de tráfico.

6. Órgano responsable: Consorcio de Compensación de Seguros.

7. Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos: Consorcio de Compensación de Seguros, con sede no Paseo de la Castellana, número 32. 28006 Madrid.

8. Medidas de seguranza: nivel medio.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

14979 *REAL DECRETO 1431/2008, do 29 de agosto, polo que se modifican determinadas disposicións regulamentarias en materia de propiedade industrial.* («BOE» 223, do 15-9-2008.)

O número 4 do artigo 29 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, relativo á obriga de designar un domicilio en España para os efectos de notificacións que teñen os que sexan parte nun procedemento ante a Oficina Española de Patentes e Marcas en que actúen por si mesmos e non teñan domicilio nin sede en España, foi declarado pola Comisión Europea incompatible co artigo 49 do Tratado da Unión Europea ao considerar que o seu contido supón unha restrición á libre prestación de servizos dentro da Comunidade Europea. Por iso, procedeuse, con carácter urxente, a modificar o dito número, mediante a inclusión da disposición derradeira sexta da Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e dobre uso, dando unha nova redacción ao artigo 29.4 da Lei para suprimir a dita obriga de designar un domicilio en España para os efectos de notificacións.

Isto leva consigo, como consecuencia obrigada, a modificación dos artigos 1.1.c) e 56.1 e 3 do Regulamento de execución da Lei de marcas, aprobado polo Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, que se ven afectados

polos cambios introducidos na dita lei. Paralelamente, e por razóns de concordancia, posto que o artigo 29 da Lei de marcas é aplicable a todas as modalidades da propiedade industrial, segundo a disposición adicional segunda da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, foi preciso modificar o artigo 4.1.b) do Regulamento de execución da Lei de patentes e a disposición adicional segunda do Regulamento de execución da Lei de protección xurídica do deseño industrial, para estender ás patentes e ás creacións de forma o mesmo réxime de notificacións previsto para as marcas en todos os supostos en que o domicilio do interesado se encuentre fóra de España.

Ademais dos cambios derivados da modificación legal citada, aproveitouse a reforma para realizar outras adecuacións en temas puntuais, como son a determinación dos prazos para contestar aos reparos na tramitación de expedientes de marcas internacionais, que se regula no número 2 do artigo 20 do Regulamento de execución da Lei de marcas, así como na representación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

Con obxecto de axilizar e adaptar a acreditación da representación nos casos de tramitación electrónica engádense dous novos números ao artigo 57 do citado Regulamento da Lei de marcas, onde se prevé que se poida achegar un arquivo electrónico que conteña a copia íntegra do poder orixinal para os actos que non impliquen renuncia, alleamento, gravame ou limitación de dereitos, sen prexuízo de que, en caso de desistencia da solicitude ou por razóns de seguranza, de oficio ou logo de xustificación dalgunha das partes, se deba achegar o poder orixinal nos prazos previstos no novo número 7 do artigo 57. O réxime faise extensivo ás restantes modalidades da propiedade industrial a través da xa mencionada modificación da disposición adicional segunda do Regulamento de execución da Lei de protección xurídica do deseño industrial.

Tamén se regulan e sistematizan os supostos de non admisión e desistencia das oposicións nos distintos procedementos legais que as recollen, para o cal se modifican as correspondentes normas regulamentarias.

Ademais dos cambios mencionados introducíronse outros no Regulamento de execución da Lei de patentes, que practicamente permaneceu inalterado desde a súa aprobación en 1986, mesmo cando varios dos seus preceptos foron derogados pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), e polo Real decreto 441/1994, do 11 de marzo, que aprobou o Regulamento de adecuación a esta dos procedementos en materia de propiedade industrial. Entre estes cambios está a adaptación expresa do artigo 15 ás exixencias da mencionada LRX-PAC e, como novidade fundamental, modifícase o artigo 29 do Regulamento de execución da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, ampliando o contido do informe sobre o estado da técnica, para incluír como parte deste unha opinión escrita, preliminar e sen compromiso, sobre a patentabilidade da invención.

Esta última modificación relativa á mellora do servizo prestado coa realización do informe sobre o estado da técnica pretende incorporar ao noso sistema nacional de concesión de patentes, dentro da política de calidade e tomando como referencia os sistemas máis avanzados da nosa contorna, o modelo xa xeneralizado para todas as patentes que se solicitan para España por vía europea e para os servizos de busca ofrecidos pola Oficina Española de Patentes e Marcas como autoridade encargada da busca internacional no marco do sistema instaurado polo Tratado de Cooperación en Materia de Patentes.

Finalmente, na acta de revisión do Convenio sobre a patente europea do 29 de novembro de 2000, que entrou en vigor o 13 de decembro de 2007, introdúcese un novo procedemento de limitación das patentes europeas cen-

tralizado na Oficina Europea de Patentes e permítese aos Estados contratantes exixir que, para que unha patente europea limitada segundo o novo procedemento teña efectos no país, o seu titular deba presentar unha tradución na lingua oficial do Estado no prazo de tres meses contado desde a data en que a mención da limitación se publique no Boletín Europeo de Patentes. No caso de España é o idioma español pola súa condición de Estado membro do convenio. Para incluír esta posibilidade modificáronse os artigos 7 e 8 do Real decreto 2424/1986, do 10 de outubro, relativo á aplicación do Convenio sobre concesión de patentes europeas feito en Múnic o 5 de outubro de 1973.

Na elaboración deste real decreto contou coa participación das principais asociacións e representantes dos sectores afectados relacionados co contido que se modifica.

Este real decreto dítase en virtude do artigo 149.1.9.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade industrial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de agosto de 2008,

DISPÓÑO :

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento para a execución da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, aprobado polo Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro.*

O Regulamento para a execución da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, aprobado polo Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro, queda redactado nos seguintes termos:

Un. A letra b) do número 1 do artigo 4 queda redactada do seguinte modo:

«b) Nome e apelidos ou denominación social do solicitante, a súa nacionalidade e domicilio. De tratarse do nome das persoas xurídicas, identificaranse pola súa razón social ou de acordo coas disposicións legais polas que se rexan. As persoas físicas deberán facer constar o número do seu documento de identidade. No caso de estranxeiros, constará o seu número de identidade de estranxeiro (NIE) ou, no seu defecto, o do seu documento de identidade ou pasaporte.

No suposto de que o solicitante actúe por si mesmo e non teña domicilio nin sede social en territorio do Estado español deberá designar, para os efectos de notificacións, un enderezo postal en España ou, alternativamente, indicar que as notificacións lle sexan dirixidas por correo electrónico ou por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a Oficina Española de Patentes e Marcas, sen prexuízo do disposto no artigo 155.2 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.»

Dous. A letra b) do número 1 do artigo 14 queda redactada do seguinte modo:

«b) Unha descrición da invención malia non cumprir cos requisitos formais establecidos.»

Tres. O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15.

1. Dentro dos dez días seguintes ao da recepción da solicitude o órgano competente examinará

se esta reúne os requisitos necesarios para obter unha data de presentación exixidos no número 1 do artigo 22 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, e no artigo 14 deste regulamento, e se a taxa de solicitude foi aboada.

2. Se do dito exame resulta que a solicitude non reúne os requisitos necesarios para obter unha data de presentación ou que a taxa de solicitude non foi aboada, os defectos observados comunicaranse ao solicitante ou ao seu representante para que os repare no prazo dun mes, con indicación de que, de non o facer así, se considerará que desiste da súa solicitude. A resolución que o teña por desistido deberase notificar.

3. Se os defectos son corrixidos en prazo, outorgarase como data de presentación a que corresponda ao día en que a documentación rectificatoria foi presentada no órgano competente para recibir a solicitude. Non obstante, se o defecto consistir só na falta de pagamento da taxa e esta for integramente aboada dentro do prazo citado, non se modificará a data de presentación inicial da solicitude de patente.

4. No caso de que a solicitude sexa rexeitada os documentos remitidos serán devoltos ao solicitante e a taxa eventualmente aboada seralle reembolsada.»

Catro. Os números 4 e 6 do artigo 29 terán a seguinte redacción:

«4. O informe sobre o estado da técnica deberá distinguir nos documentos mencionados entre os que foron publicados antes da data de prioridade, entre a data de prioridade e a data de presentación e na data de presentación ou posteriormente. O informe sobre o estado da técnica mencionará a clasificación da solicitude de patente, segundo a clasificación internacional.»

«6. O informe sobre o estado da técnica incluíra unha opinión escrita, preliminar e sen compromiso, acerca de se a invención obxecto da solicitude de patente cumpre aparentemente os requisitos de patentabilidade establecidos na lei e, en particular, con referencia aos resultados da busca, se a invención se pode considerar nova, implica actividade inventiva e é susceptible de aplicación industrial.»

Cinco. Modifícase o número 3 e engádense dous novos números 4 e 5 ao artigo 45, coa seguinte redacción:

«3. A oposición non se admitirá:

- a) Cando o escrito de oposición se presentase fóra de prazo.
- b) Cando non se aboase a taxa de oposición.
- c) Cando o escrito de oposición non permita identificar inequivocamente a solicitude contra a cal se formula oposición, a identidade do opoñente ou os motivos en que se funda.
- d) Cando non se presentase o poder de representación en prazo.

No suposto previsto nas alíneas b), c) e d), daráselle ao opoñente a oportunidade de remediar os defectos ou presentar alegacións no prazo de dez días, e non se admitirá a oposición se aqueles persisten cando remate o dito prazo.

4. Se o escrito de oposición non se axusta ás demais disposicións deste real decreto notificaráselle as irregularidades observadas ao opoñente para que as repare no prazo dun mes, con indicación de que, de non o facer así, se considerará que desiste da oposición. A resolución que poña fin ao

procedemento pronunciarase, de forma expresa, sobre a circunstancia que dá lugar a que sexa tido por desistido.

5. Unha vez finalizado o prazo para a presentación de oposicións, daráselle traslado ao solicitante das que fosen admitidas e non se teñan por desistidas, e este disporá do prazo de dous meses para reparar os defectos formais imputados á solicitude, para modificar as reivindicacións se así o considera oportuno e para formular as alegacións que considere pertinentes.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 2424/1986, do 10 de outubro, relativo á aplicación do Convenio sobre a concesión de patentes europeas feito en Múnic o 5 de outubro de 1973.*

O Real decreto 2424/1986, do 10 de outubro, relativo á aplicación do Convenio sobre a concesión de patentes europeas, feito en Múnic o 5 de outubro de 1973, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 7 quedará redactado como segue:

«Cando a Oficina Europea de Patentes conceda unha patente europea que designe a España, o titular da patente deberá proporcionar á Oficina Española de Patentes e Marcas unha tradución para o español do fascículo, así como nos supostos en que a patente fose modificada durante o procedemento de oposición ou limitada pola Oficina Europea de Patentes. De faltar a tradución, a patente non producirá efectos en España.»

Dous. O artigo 8 queda redactado como segue:

«A tradución para o español do texto da patente europea deberá remitirse á Oficina Española de Patentes e Marcas no prazo de tres meses contado desde a data de publicación no «Boletín Europeo de Patentes» da mención da concesión da patente ou, se é o caso, da mención da decisión relativa á oposición ou á limitación.

Unha copia dos debuxos que figuren no fascículo da patente europea deberá acompañar a tradución, mesmo cando non conteña expresións que precisen tradución.

Así mesmo, cando o titular non teña domicilio nin sede social en España será necesario que a tradución do texto sexa realizada por un axente da propiedade industrial acreditado ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou por un intérprete xurado nomeado polo Ministerio Español de Asuntos Exteriores e Cooperación.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 812/2000, do 19 de maio, polo que se establece a aplicación do procedemento de concesión con exame previo para as solicitudes de patentes no sector da alimentación.*

Engádense dous novos números 3 e 4 ao artigo 4 do Real decreto 812/2000, do 19 de maio, polo que se establece a aplicación do procedemento de concesión con exame previo para as solicitudes de patentes do sector da alimentación, coa seguinte redacción:

«3. A oposición non se admitirá:

- a) Se o escrito de oposición non se presentou dentro do prazo previsto no número 1.
- b) Se non se aboou a taxa de oposición.
- c) Cando o escrito de oposición non permita identificar inequivocamente a solicitude contra a cal se formula oposición, a identidade do opoñente ou os motivos en que se funda.

d) Cando non se presentase o poder de representación en prazo.

Nos supostos previstos nas alíneas b), c) e d), daráselle ao opoñente a oportunidade de remediar os defectos ou presentar alegacións no prazo de 10 días, e non se admitirá a oposición se aqueles persisten cando remate o dito prazo.

4. Se o escrito de oposición non se axusta ás demais disposicións deste real decreto, notificaranse as irregularidades observadas ao opoñente para que as repare no prazo dun mes, con indicación de que, de non o facer así, se considerará que desiste da oposición. A resolución que poña fin ao procedemento pronunciarase, de forma expresa, sobre a circunstancia que dá lugar a que sexa tido por desistido.»

Artigo cuarto. *Modificación do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado polo Real decreto 687/2002, do 12 de xullo.*

O Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado polo Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, queda modificado nos seguintes termos:

Un. A alínea c) do número 1 do artigo 1 queda redactada do seguinte modo:

«c) No suposto de que o solicitante actúe por si mesmo e non teña domicilio nin sede social en territorio do Estado español deberá designar, para os efectos de notificacións, un enderezo postal en España ou, alternativamente, indicar que as notificacións lle sexan dirixidas por correo electrónico ou por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a Oficina Española de Patentes e Marcas, sen prexuízo do disposto no artigo 155.2 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.»

Dous. O artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«1. A Oficina Española de Patentes e Marcas non admitirá a oposición:

a) Se o escrito de oposición non se presentou dentro do prazo previsto no artigo 17.1.

b) Se non se aboou a taxa de oposición.

c) Cando o escrito de oposición non permita identificar inequivocamente a solicitude contra a cal se formula oposición, a identidade do opoñente ou a marca ou o dereito anterior en virtude dos cales se presenta a oposición.

d) Cando non se presentase o poder de representación no prazo previsto no artigo 57.3.

2. Se o escrito de oposición non se axusta ás demais disposicións da Lei 17/2001 ou deste regulamento, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificará as irregularidades observadas ao opoñente para que no prazo de dez días as repare, con indicación de que, de non o facer así, se considerará que desiste da oposición. A resolución que poña fin ao procedemento pronunciarase, de forma expresa, sobre a circunstancia que dá lugar a que sexa tido por desistido.»

Tres. O número 2 do artigo 20 queda redactado do seguinte modo:

«2. Se do exame efectuado resultar que a solicitude incorre, para a totalidade ou parte dos produtos ou servizos solicitados, nalgunha prohibición ou defecto conforme o previsto no artigo 20.1 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, ou se se presenta-

sen oposicións ou observacións de terceiros, e estas non fosen inadmitidas ou tidas por desistidas conforme o disposto no artigo anterior, a Oficina Española de Patentes e Marcas decretará a suspensión do expediente e comunicará ao solicitante os reparos observados e as oposicións ou observacións formuladas para que no prazo dun mes, contado desde a publicación do suspenso no "Boletín Oficial de la Propiedad Industrial" presente as súas alegacións, contestando ao suspenso decretado. Para as marcas internacionais o dito prazo terá unha duración de entre dous e catro meses e establecerase por resolución do director da Oficina Española de Patentes e Marcas, deberase comunicar á Oficina Internacional e publicarse no "Boletín Oficial de la Propiedad Industrial".»

Catro. Os números 1 e 3 do artigo 56 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Agás o disposto no número seguinte, ningún terá obriga de se facer representar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou os órganos competentes das comunidades autónomas. Non obstante, no suposto de que o interesado actúe por si mesmo e non teña domicilio nin sede social en territorio do Estado español deberá designar, para os efectos de notificacións, un enderezo postal en España ou, alternativamente, indicar que as notificacións lle sexan dirixidas por correo electrónico ou por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a citada oficina.»

«3. As persoas físicas ou xurídicas que teñan o seu domicilio ou un establecemento industrial ou comercial efectivo e serio na Comunidade Europea poderán actuar mediante un empregado destas, sempre que este empregado acredite ante a Oficina Española de Patentes e Marcas ou órganos competentes da comunidade autónoma correspondente o seu poder de representación e cumpra as condicións establecidas no número 1 para os efectos de notificacións. O empregado dunha persoa xurídica das previstas neste número poderá actuar tamén en representación doutras persoas xurídicas que estean economicamente vinculadas con aquela, incluso se estas persoas xurídicas non tiveren nin domicilio, nin establecemento industrial ou comercial efectivo e serio na Comunidade Europea.»

Cinco. Engádense os números 6 e 7 ao artigo 57 coa seguinte redacción:

«6. Nos supostos de solicitudes, escritos ou comunicacións presentadas electronicamente que non impliquen renuncia, alleamento, gravame ou limitación de dereitos poderase achegar, en lugar do poder orixinal outorgado polo interesado, un arquivo electrónico que conteña a copia íntegra deste. Non obstante, o documento orixinal do poder deberase presentar para a súa inclusión no expediente cando se desista totalmente da solicitude, cando a Oficina Española de Patentes e Marcas así o requira, ou cando calquera parte no procedemento xustifique a posible existencia de falsidade deste ou calquera outro defecto grave e así o solicite expresamente.

7. Cando, de acordo co número anterior, se deba presentar o poder orixinal, este deberase achegar no prazo de dez días que conceda a Oficina Española de Patentes e Marcas ou no que reste para que se cumpra o prazo previsto no número 3 deste artigo, se este prazo for superior. No suposto de que o poder sexa requirido nalgún dos trámites previstos nos artigos 11, 14 ou 20 deste regulamento, a súa

achega efectuarase nos prazos establecidos neles. Unha vez requirida a presentación do poder orixinal, o incumprimento ou a súa achega extemporánea producirá os efectos previstos no número 3 deste artigo.»

Artigo quinto. *Modificación do Regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, aprobado polo Real decreto 1937/2004, do 27 de setembro.*

O Regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, aprobado polo Real decreto 1937/2004, do 27 de setembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea c) do número 1 do artigo 1 queda redactada do seguinte modo:

«c) No suposto de que o interesado actúe por si mesmo e non teña domicilio nin sede social en territorio do Estado español, deberá designar, para efectos de notificacións, un enderezo postal en España ou, alternativamente, indicar que as notificacións lle sexan dirixidas por correo electrónico ou por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a Oficina Española de Patentes e Marcas, sen prexuízo do disposto no artigo 155.2 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.»

Dous. O artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

- «1. A oposición non se admitirá:
- a) Se o escrito de oposición non se presentou dentro do prazo previsto no artigo 24.1.
 - b) Se non se aboou a taxa de oposición.
 - c) Cando escrito de oposición non permita identificar inequivocamente o deseño contra o cal se formula oposición, a identidade do opoñente ou os motivos en que se funda, ou cando ningún dos invocados se encontre entre os referidos no artigo 33 da lei.
 - d) Cando non se presentase o poder de representación en prazo.

2. Nos supostos previstos nas letras b), c) e d) do número anterior daráselle ao opoñente a oportunidade de remediar os defectos ou presentar alegacións no prazo de dez días, e non se admitirá a oposición se aqueles persisten cando remate o dito prazo.

3. Se o escrito de oposición non se axusta aos demais requisitos previstos no artigo 25.1, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificaralle as irregularidades observadas ao opoñente para que no prazo dun mes as repare, con indicación de que, de non o facer así, se considerará que desiste da oposición. A resolución que poña fin ao procedemento pronunciarase, de forma expresa, sobre a circunstancia que dá lugar a que sexa tido por desistido.»

Tres. A disposición adicional segunda queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional segunda. *Representación.*

As normas contidas no artigo 56 do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado por Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, serán de aplicación á representación dos interesados en calquera dos procedementos e actuacións previstas nas normas reguladoras das distintas modalidades de propiedade industrial, así como noutros procedementos cuxa competencia recaia sobre a Oficina Española de Patentes e Marcas. Serán tamén aplicables a todas modalidades

de propiedade industrial as normas relativas á acreditación da representación a que se refiren os números 1, 2, 4, 5 e 6 do artigo 57 do mencionado regulamento.»

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable aos procedementos.*

Os procedementos iniciados antes da data de entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa anterior.

Non obstante, o artigo 29 do Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro, na súa nova redacción conforme o artigo primeiro número catro desta norma, aplicarase a todas as solicitudes de patente para as cales a petición de informe sobre o estado da técnica se realice con posterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista no artigo 149. 1.9.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de agosto de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15042 *REAL DECRETO 1471/2008, do 5 de setembro, polo que se establece e regula a Rede de alerta para os pensos. («BOE» 224, do 16-9-2008.)*

A alimentación animal constitúe un elo esencial na cadea alimentaria con enorme transcendencia á hora de garantir a seguranza alimentaria, no cal conflúen numerosas actuacións administrativas, entre as cales está a comunicación de riscos, directos ou indirectos, para a saúde humana, a sanidade animal e o ambiente, entre as autoridades competentes, asociados ao consumo de pensos.

Con este fin, o artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguranza alimentaria, dispuxo a creación dun sistema de alerta rápida para os alimentos e pensos coñecido polas siglas RASFF.

Por outro lado, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 9 dispón que as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán e desenvolverán, de forma